

## **Proxecto de Decreto /2025, polo que se regula a composición e o funcionamento do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia.**

A Constitución española atribúelle aos poderes públicos a responsabilidade de facilitar a participación de todos os cidadáns na vida cultural (artigo 9.2) pero tamén de promover e tutelar o acceso á cultura (artigo 44.1).

Semellante obriga é que establece o Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 4.2 para os poderes públicos de Galicia, a fin de facilitar a participación de todos os galegos e galegas na vida cultural.

Este mandato motivou, no marco constitucional de distribución de competencias entre o Estado e a Comunidade Autónoma, a promulgación da Lei 3/2024, de 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia, cuxo obxectivo é, por unha banda, promover as condicións para que a participación na vida cultural sexa efectiva, inclusiva e accesible para todas as persoas e, pola outra, remover os obstáculos que a impiden ou dificultan.

A nova lei nace coa vocación de acadar estes propósitos poñendo un énfase especial nas persoas nas que concorra algún dos factores de risco de exclusión cultural regulados no seu artigo 2. Trátase de regular o acceso á cultura baixo a perspectiva daquelas persoas que teñen máis dificultades para levar a cabo o exercicio deste dereito e, ademais, tense moi presente que tal exercicio debe implicar tanto o consumo ou goce, como a creación de produtos culturais.

Neste novo marco legal régulase o Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia como órgano colexiado, de asesoramento e participación institucional para, entre outros cometidos, levar a cabo unha labor de seguimento da aplicación da Lei 3/2024, de 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia.

A lei prevé, así mesmo, na súa disposición final primeira, un prazo de dous anos dende a súa entrada en vigor para o desenvolvemento normativo necesario de cara á creación do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia.

Xa que logo, este decreto vén dar cumprimento ao previsto na antedita lei. Coa posta en marcha deste Observatorio contarase cunha ferramenta que non só permitirá medir o impacto da lei, senón que ademais actuará como punto de encontro institucional para a análise do sector cultural galego en termos de accesibilidade e inclusión.

A norma responde aos principios recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. O obxecto da regulación responde á satisfacción dun interese xeral, coa debida proporcionalidade, eficacia e eficiencia, necesidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade e simplicidade.

A tramitación deste decreto cumpriu coas esixencias de orde procedimental e realizouse de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Durante a súa tramitación posibilitouse a participación da cidadanía a través do proceso de consulta pública previa e posterior exposición pública, conforme ao principio de transparencia que debe presidir a dita tramitación. Así mesmo, foi sometido aos informes requiridos polo vixente marco xurídico.

O decreto estrutúrase en catorce artigos, organizados nun título preliminar de disposicións xerais e outros dous títulos referidos á composición e ao funcionamento do Observatorio, respectivamente, tres disposicións adicionais, unha derogatoria e dúas derradeiras.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, de acordo co Consello Consultivo, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día ... de ... de 2025,

DISPOÑO:

## TÍTULO PRELIMINAR

### **Disposicións xerais**

#### *Artigo 1. Obxecto*

Este decreto ten por obxecto regular a composición e o funcionamento do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia, como órgano colexiado, de asesoramento e participación institucional do sector cultural galego.

#### *Artigo 2. Réxime xurídico*

O Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia rexerase, ademais de polo disposto na Lei 3/2024, do 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia e neste decreto, polo previsto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

#### *Artigo 3. Funcións*

O Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia ten as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento do impacto que a aplicación da Lei 3/2024 do 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia, ten no sector cultural galego.
- b) Analizar a situación e evolución do sector cultural de Galicia en termos de accesibilidade e inclusión.

- c) Analizar as necesidades asociadas aos colectivos de persoas en risco de exclusión cultural.
- d) Elaborar informes que reflectan o resultado do seguimento e da análise establecidos anteriormente.
- e) Emitir propostas de actuación en materia de inclusión e de accesibilidade culturais na Comunidade autónoma de Galicia
- f) Asesorar á consellería competente en materia de cultura en materia de acceso cultural accesible e inclusivo.
- g) Impulsar a aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes con carácter transversal nas funcións atribuídas a este Observatorio e remitir ao órgano competente en materia de igualdade o resultado das análises de impacto de xénero que realice.
- h) Aquelas outras funcións que lle foren atribuídas polas leis.

## TÍTULO I

### **Composición do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia**

#### *Artigo 4. Composición*

1. O Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia estará composto por:

- a) A presidencia, que corresponderá á persoa titular da consellería con competencias en materia de cultura.
- b) A vicepresidencia, que corresponderá á persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de cultura.
- c) A secretaría, que corresponderá a unha persoa empregada pública da consellería competente en materia de cultura.

d) Doce vogalías, que serán designadas pola persoa titular da consellería con competencias en materia de cultura entre persoas vinculadas ao ámbito cultural e social da Comunidade Autónoma de Galicia, con criterios de pluralidade e representatividade, de acordo coa seguinte distribución:

1º Dúas persoas en representación da consellería con competencias en materia de cultura, propostas polo centro directivo competente en materia de promoción da cultura.

2º Unha persoa en representación da Axencia Galega das Industrias Culturais, por proposta da dirección deste órgano.

3º. Tres persoas en representación da consellería con competencias en materia de política social, propostas por esta consellería entre persoas con responsabilidades nas áreas de igualdade, discapacidade e inclusión social respectivamente.

4º Unha persoa en representación da Administración local, proposta pola Federación Galega de Municipios e Provincias.

5º Dúas persoas en representación das industrias culturais, propostas polo centro directivo competente en materia de promoción da cultura. Establecerase unha rotación destas representacións cada catro anos.

6º Tres persoas en representación do terceiro sector de acción social de Galicia, propostas polo centro directivo competente en materia de promoción da cultura entre aquelas entidades que sexan máis representativas dos colectivos nos que concorran os riscos de exclusión cultural regulados no artigo 2 da Lei 3/2024, do 5 de decembro. Establecerase unha rotación destas representacións cada catro anos.

2. Na composición do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia procurarase unha presenza equilibrada entre homes e mulleres.

#### *Artigo 5. A presidencia*

1. Correspóndelle á persoa que desempeña a presidencia:

a) Representar ao Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia.

- b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e a fixación da orde do día, tendo en conta, de ser o caso, as peticións das demais persoas membros formuladas coa suficiente antelación.
  - c) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
  - d) Dirimir co seu voto os empates, para os efectos de adoptar acordos.
  - e) Asegurar o cumprimento das leis.
  - f) Visar as actas e as certificacións dos acordos do órgano.
  - g) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á condición da presidencia do órgano.
2. En caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, a persoa que exerza a presidencia será substituída pola que exerza a vicepresidencia e, no seu defecto, pola persoa membro do Observatorio que designe a persoa titular da consellería competente en materia de cultura.

#### *Artigo 6. A vicepresidencia*

1. Corresponde á vicepresidencia auxiliar á presidencia no exercicio das súas funcións e realizar cantas outras lle sexan especificamente encomendadas por aquela.
2. En caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, a persoa que exerza a vicepresidencia será substituída pola persoa membro do Observatorio que designe a persoa titular da consellería competente en materia de cultura.

#### *Artigo 7. A secretaría*

1. Correspóndelle á persoa que exerce a secretaría do Observatorio:
- a) Asistir ás reunións con voz e sen voto.
  - b) Efectuar a convocatoria das sesións do órgano por orde da súa presidencia, así como as citacións ás persoas membros.

c) Recibir os actos de comunicación das persoas membros co órgano e, polo tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.

d) Preparar o despacho dos asuntos e redactar e autorizar as actas das sesións.

e) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.

f) Dirixir e conservar o rexistro, arquivo e documentación do Observatorio.

g) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretario ou secretaria.

2. A persoa que exerza a secretaría redactará acta de cada sesión. As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte sesión; non obstante, a persoa que exerza a secretaría poderá emitir certificacións sobre os acordos específicos que foran adoptados, sen prexuízo da aprobación posterior da acta. Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta farase constar expresamente tal circunstancia.

3. En caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, a persoa que exerza a secretaría será substituída por unha persoa funcionaria designada pola presidencia.

#### *Artigo 8. As vogalías*

1. As persoas titulares das vogalías deberán asistir ás sesións do Pleno. Se non lles fose posible asistir, deberán comunicalo á presidencia do Pleno e tamén ao órgano ou á entidade que representen.

2. En caso de ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, as persoas titulares das vogalías poderán ser substituídas polas persoas suplentes que se designarán da mesma forma que aquelas.

#### *Artigo 9. Duración do mandato das persoas membros do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia e causas de cesamento*

1. As persoas que ostenten a condición de membro do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia por razón do seu cargo, perderán a dita condición cando cesen no cargo.

2. O resto das persoas membros cesarán polas seguintes causas:

- a) Pola finalización do mandato, que terá unha duración de catro anos e que poderá ser renovado por idénticos períodos de tempo, sen prexuízo do disposto no artigo 4 para as vogalías respecto das cales se establece a súa rotación. Unha vez finalizado o seu mandato, permanecerán no desempeño das súas funcións ata o nomeamento das novas persoas membros.
- b) Incapacidade permanente, física ou mental, que inhabilite para o exercicio das funcións inherentes á condición de membro do órgano colexiado, ou falecemento.
- c) Perda das condicións que determinaron o seu nomeamento.
- d) Renuncia.
- e) Remoción por incumprimento grave das súas obrigas.

De se producir algunha das causas relacionadas anteriormente, a nova persoa membro designada ostentará esta condición durante o tempo que reste ata o remate da duración do mandato.

3. A competencia para acordar o cesamento correspóndelle á persoa titular da consellería competente en materia de cultura.

#### *Artigo 10. Obrigas e dereitos das persoas membros*

Corresponde aos membros do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia:

- a) Recibir, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, a convocatoria que conteña a orde do día das reunións. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará á disposición dos membros coa antelación referida.
- b) Participar nos debates das sesións.



- c) Exercer o seu dereito ao voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.
- d) Non absterse nas votacións aquelas persoas que pola súa calidade de autoridades ou persoal ao servizo das administracións públicas teñan a condición de membros de órganos colexiados.
- e) Formular rogos e preguntas.
- f) Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.
- g) Manter o segredo das deliberacións.
- h) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.

## TÍTULO II

### **Funcionamento do Observatorio**

#### *Artigo 11. Funcionamento*

1. O Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia funcionará en pleno e poderá establecer grupos de traballo específicos por razón da materia.
2. O Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia rexerase, en canto á súa convocatoria, deliberacións e adopción de acordos, polo disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como polo disposto neste decreto.

#### *Artigo 12. O Pleno*

1. O Pleno do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia estará composto polas persoas que ocupen os cargos da presidencia, vicepresidencia, secretaría e as doce vogalías.

2. Son funcións do Pleno do Observatorio as seguintes:

- a) O exercicio das funcións do Observatorio previstas no artigo 3 deste decreto.
- b) Propoñer modificacións do presente decreto, que elevará ao órgano superior da consellería competente en materia de cultura.
- c) Acordar a formación de grupos de traballo específicos.

#### Artigo 13. *Sesións do Pleno*

1. O Pleno do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia reunirase en sesión ordinaria unha vez ao ano, ou en sesión extraordinaria por acordo da persoa titular da presidencia, sexa por iniciativa propia ou sexa por solicitude dun terzo das persoas membros.

2. Para a válida constitución do órgano, para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a asistencia das persoas que exerzan a presidencia e a secretaría, ou daquelas que as substitúan, e da metade, polo menos, das persoas membros en primeira convocatoria e dun terzo das persoas membros en segunda convocatoria.

3. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que asistan todas as persoas membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

4. Os acordos serán adoptados por maioría simple de votos das persoas membros asistentes en cada sesión, e decidirá, en caso de empate, o voto de calidade da persoa titular ou suplente da presidencia.

5. A presidenta ou presidente poderá invitar a participar nas reunións do pleno, con voz pero sen voto, persoas expertas en temas concretos incluídos na orde do día.

#### Artigo 14. *Grupos de traballo*

1. Poderán constituírse grupos de traballo específicos en razón da materia. A constitución acordarase polo Pleno logo da proposta da presidencia.

2. O acordo de constitución establecerá a finalidade, a duración, que poderá ser indefinida, as persoas membros que a integren, así como a designación das persoas que desempeñarán a presidencia e secretaría do grupo de traballo, os medios persoais e materiais de que disporán e, de ser o caso, o prazo para a realización do seu traballo.

3. Os estudos e informes realizados polos grupos de traballo, serán elevados ao Pleno para sometelos á súa deliberación e votación.

4. Para a formación destes grupos de traballo poderase solicitar a colaboración de especialistas, de carácter interno ou externo á Administración autonómica, cando as particulares circunstancias o requiran, de forma motivada. Estas persoas serán designadas pola presidencia do Observatorio.

5. Na composición dos grupos de traballo procurarase acadar unha presenza equilibrada de mulleres e homes.

Disposición adicional primeira. *Prazo de constitución*

O Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia constituirase no prazo de tres meses, contados desde a entrada en vigor deste decreto.

Disposición adicional segunda. *Proposta de designación de vogalías*

As entidades ás que corresponda formular proposta para a designación de vogalías do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia de conformidade co establecido no artigo 4, serán requiridas para estes efectos pola consellería con competencias en materia de cultura. O prazo para comunicar a dita proposta será dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción do requirimento.

Disposición adicional terceira. *Impacto económico para a Administración autonómica*

A condición de persoa membro do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia e a participación no Pleno ou nos grupos de traballo de persoas expertas ou

especialistas non xerará dereitos económicos aos seus membros nin indemnizacións por asistencia.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango sexan contrarias ao contido deste decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Facúltase á persoa titular da consellería con competencias en materia de cultura para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, de de

Alfonso Rueda Valenzuela

Presidente

José López Campos

Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude